



Guía Docente

Datos Identificativos					2022/23
Asignatura (*)	Crecemento e desenvolvemento económico		Código	615G01404	
Titulación	Grao en Socioloxía				
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	1º cuatrimestre	Cuarto	Optativa	4.5	
Idioma	CastelánGalegoInglés				
Modalidade docente	Presencial				
Prerrequisitos					
Departamento	Economía				
Coordinación	Bruna Quintas, Fernando	Correo electrónico	f.bruna@udc.es		
Profesorado	Bruna Quintas, Fernando	Correo electrónico	f.bruna@udc.es		
Web					
Descrición xeral	<p>Todo fenómeno social ten como transfundo o desenvolvemento económico existente no contexto social relevante. E como aspecto clave dese desenvolvemento económico está o nivel de renda das persoas. Por tanto, o cambio social, a dinámica de valores e roles sociais, as características das organizacións e institucións, ou as demandas e problemáticas sociais están mediadas polo crecemento económico. É mais, os conceptos propios da teoría do crecemento económico son útiles para entender moitos fenómenos sociais e económicos: tipos de bens tanxibles e intanxibles, rendementos decrecentes dos factores, rendementos crecentes de escala, incentivos privados á innovación, razóns para a intervención pública...</p> <p>Este curso consolida e amplía o estudo da Economía iniciado na materia de Economía Política do primeiro curso do Grado en Socioloxía. Porase o acento en manexar conceptos e estatísticas para avaliar a dinámica económica, especialmente o crecemento a longo prazo. O curso é un bo complemento para a cultura profesional dos sociólogos e para outras materias optativas ou TFGs relacionados con globalización, sustentabilidade medioambiental, migracións, demografía, coñecemento, cambio social, movementos sociais, políticas públicas ou metodoloxía de análise.</p>				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
A6	Conocimientos básicos de macroeconomía.
A14	Capacidades en elaborar, utilizar, e interpretar indicadores sociais e instrumentos de medición social.
A23	Capacidades en evaluar los costes y beneficios ecológicos y sociales (presentes y futuros).
A32	Capacidades en contribuir al diseño de políticas públicas orientadas a abordar problemas sociales.
B11	Compromiso ético.
B13	Razonamiento crítico.
C4	Desarrollarse para el ejercicio de una ciudadanía abierta, culta, crítica, comprometida, democrática y solidaria, capaz de analizar la realidad, diagnosticar problemas, formular e implantar soluciones basadas en el conocimiento y orientadas al bien común.

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Comprender os fundamentos da análise económica e as súas implicacións sociolóxicas. Introducirse no uso de metodoloxías e das diferentes técnicas de análise.	A6		
	A14		
Adquirir coñecementos de macroeconomía para explicar os diversos modelos de crecemento e desenvolvemento económico.	A6		
	A32		
Avaliar as capacidades de análise e síntese do alumno en relación á materia impartida a partir da resolución das cuestións formuladas e a elaboración de traballos.	A14	B11	C4
	A23	B13	



Contidos	
Temas	Subtemas
1) Introducción	Preguntas, prazos, supostos, modelos e incentivos ao axente económico individual
2) Medición	Produto Interior Bruto, crecemento económico real e outros indicadores
3) Distribución da renda nacional e explicacións clásicas dos crecemento	Retribución dos factores capital e traballo, demografía, capital físico, capital humano e tecnoloxía
4) O axente económico individual nun contexto	Complementariedades, derrames, efectos contextuais e institucións
5) Economía da ideas	Innovación, competencia monopolística e intervención pública

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A6 A14 A32	26	26	52
Lecturas	A6 C4	0	10	10
Discusión dirixida	A6 B11 B13	4	0	4
Traballos tutelados	A14 A23	10	10	20
Proba obxectiva	A6 A14 A23	2.5	17	19.5
Atención personalizada		7	0	7

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	As actividades de docencia presencial do curso abrangerán clases maxistras, ademais das clases prácticas. Nas clases maxistras explicaranse os temas centrais do curso de forma detida, proporcionando toda a información para que o/a alumno/a poda desenvolver o correcto seguimento do curso. A asistencia, de acordo coa guía da titulación, considerase obrigatoria e de fundamental importancia para o correcto seguimento do curso e das actividades propostas polo/a profesor/a.
Lecturas	Recomendaranse textos de lectura obrigatoria que se utilizarán tanto nos debates organizados, para a elaboración dos diferentes traballos ou como complemento ás clases maxistras.
Discusión dirixida	Como complemento ás clases impartiranse diferentes actividades que inclúen videos e debates. Igualmente poderán programarse conferencias e charlas con especialistas na materia.
Traballos tutelados	Os/as alumnos/as poderán realizar diferentes traballos sobre temas específicos recomendados polo profesor. Nestes traballos se valorarán a capacidade de recopilar, sintetizar e a aportación que cada alumno/a poida facer en canto ao estilo, enfoque e procedemento segundo a orientación do profesor.
Proba obxectiva	Para aqueles/as alumnos/as que no superen a materia a través dos traballos e actividades programadas, realizaranse os exames finais nas convocatorias oficiais que programe a Facultade.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Ver a sección de Avaliación. As titorías poderán ser online ou presenciais. Prégase solicitar titorías con antelación por e-mail.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba obxectiva	A6 A14 A23	<p>AVALIACIÓN CONTINUA: varias probas cortas. Poderase aprobar a materia si se aproba a media das cualificacións destas probas. En caso contrario, terá que acudir ao exame final e a ponderación destas probas será do 30%.</p> <p>EXAME FINAL de 1ª ou 2ª convocatoria (70%). Tanto para aprobar antes do exame final, como acudindo aos exames finais, os traballos voluntarios farán media só si a nota de exames é superior a 4 puntos.</p>	90
Traballos tutelados	A14 A23	<p>TRABALLOS VOLUNTARIOS</p> <p>1) Exercicios prácticos para entregar en clase. 2) Pequena tarefa voluntaria. Presentar en clase unha páxina con un gráfico ou táboa e breve explicación, tras descargar os datos e manipularlos nunha folia de cálculo. 3) Posible traballo máis extenso que substituiría o 50% da cualificación do exame final.</p> <p>As puntuacións destes traballos só permitirán aprobar a materia a partir dunha media mínima de 4 puntos nos exames. Considerando traballos voluntarios, a nota máxima da materia poderá ser superior a 10 puntos.</p>	10

Observacións avaliación

Os criterios de avaliación do alumnado con dedicación a tempo parcial ou dispensa de asistencia poderanse adaptar de xeito que o exame final pondere un 100% ou poda facer tamén os traballos voluntarios que non estean relacionados con presencialidade.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - Acemoglu, Daron (2012). Por qué fracasan los países: los orígenes del poder, la prosperidad y la pobreza. Barcelona: Deusto - Acemoglu, Daron; David Laibson & John A. List (2017). Economía: un primer curso inspirado en el mundo real . Barcelona: Antoni Bosch - Easterly, William (2003). En busca del crecimiento: andanzas y tribulaciones de los economistas del desarrollo [Recurso electrónico o texto impreso]. Barcelona : Antoni Bosch - Galor, Oded (2022). El viaje de la humanidad. El big bang de las civilizaciones: el misterio del crecimiento y la desigualdad . Barcelona: Destino - Krugman, Paul; Robin Wells, & Kathryn Graddy. (2022). Fundamentos de economía. Barcelona: Reverté - Jones, Charles I. (2020). Macroeconomics. New York; London: W. W. Norton - Todaro, Michael P. (2020). Economic development . Harlow (England): Pearson education
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías